

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14 DE XUÑO DE 2021.

PRESIDENTA:

A alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril

ASISTENTES:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

NON ASISTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día catorce de xuño do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa en funcións, D.^a María Guadalupe Pombo Carril (Resolución da alcaldía de data once de xuño de dous mil vinte e un), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 7 DE XUÑO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de xuño de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 7 de xuño de 2021.

2. PROPOSTAS.

2.1.- CORRECCIÓN ERRO NAS BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE TURISMO, APROBADAS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE MAIO DE 2021.

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada da Área de Seguridade cidadá e Persoal en data 11 de xuño de 2021 (código de documento UPO15I00ZF), relativa á corrección do punto 5.1.2. das bases da convocatoria que rexerán o proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición dun/dunha técnico/a de turismo, que transcrita di:

“PROPOSTA-Corrección erros bases da convocatoria selección técnica/o de turismo

Código do documento USG15I025T	Código do expediente USG/2021/102
Código de Verificación Electrónica (COVE)  261C 2C02 1U2P 3Z6I 0XTZ	

1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021, aprobou a convocatoria e as bases da convocatoria que rexerán o proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición dun/dunha técnico de turismo.

2. O día 4 de xuño de 2021, publicouse no Boletín Oficial da Provincia a convocatoria e a as bases da convocatoria que rexerán o proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición dun/dunha técnico de turismo.

Advertido un erro material no punto 5.1.2 das bases da convocatoria *que rexerán o proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición dun/dunha técnico de turismo.*

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que: *“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”*

De acordo con anterior, propónse á Xunta de Goberno Local, a corrección do punto 5.1.2 das bases da convocatoria que rexerán o proceso selectivo para a provisión, con carácter de urxencia e de xeito temporal, polo sistema de concurso-oposición dun/dunha técnico de turismo, de acordo co seguinte detalle:

Onde di:

“5.1.2. Cursos de idiomas (ata un máximo de 3 puntos):

- *Coñecemento do idioma inglés ata un máximo de 1,5 puntos:*

a) *Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,5 puntos; Nivel A 2: 0,50 puntos*

b) *Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 1,5 puntos; Nivel B 2: 1 punto*

c) *Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 2,5 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.*

- *Coñecementos doutros idiomas, ata un máximo de 1,5 puntos.*

a) *Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,5 puntos Nivel A 2: 0,50 puntos*

b) *Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 1,5 puntos; Nivel B 2: 1 punto*

c) *Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 2,5 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.*

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente. Só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico. ”

Debe dicir:

“5.1.2. Cursos de idiomas (ata un máximo de 3 puntos):

- *Coñecemento do idioma inglés ata un máximo de 1,5 puntos:*

a) *Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,25 puntos; Nivel A 2: 0,5 puntos*

b) *Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 0,75 puntos; Nivel B 2: 1 punto*

c) *Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 1,25 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.*

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente; só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

- *Coñecementos doutros idiomas, ata un máximo de 1,5 puntos:*

Código do documento	Código do expediente
USG15I025T	USG/2021/102
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
261C 2C02 1U2P 3Z6I 0XTZ	

- a) Nivel usuario básico.- Nivel A 1: 0,25 puntos Nivel A 2: 0,5 puntos
b) Nivel usuario independente.- Nivel B 1: 0,75 puntos; Nivel B 2: 1 punto
c) Nivel usuario competente.- Nivel C 1: 1,25 puntos; Nivel C 2: 1,5 puntos.

O nivel acreditarase mediante título expedido, e no seu caso homologado, por organismo competente; só se valorará o nivel máis alto e a puntuación outorgada ao nivel superior exclúe a outorgada ao curso inferior.

Os diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos deberán expresar, con suficiente claridade, a súa duración en horas e o seu contido básico."

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do xefe do gabinete técnico conformada pola concelleira delegada da Área de Seguridade cidadá e Persoal en data 11 de xuño de 2021 (código de documento UPO15I00ZF), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

3.- DACIÓNS DE CONTA.

3.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 1 de xuño de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 9 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2021 (código de procedemento CT236A). DOG núm. 108 do 09-06-2021.
- Orde do 8 de xuño de 2021, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, pola que se modifica a Orde do 30 de decembro de 2020, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia. DOG núm. 109 do 10-06-2021.
- Resolución do 25 de maio de 2021, da Escola Galega de Administración Pública, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2021, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (código de procedemento PR780A). DOG núm. 109 do 10-06-2021.
- Resolución do 1 de xuño do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convoca, para a anualidade de 2021, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). DOG núm. 111 do 14-06-2021.
- Anuncio do 4 de xuño de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á aprobación inicial de nomeamento de rúas en diferentes parroquias do municipio. BOP núm. 110 do 14-06-2021.

3.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

Código do documento	Código do expediente
USG15I025T	USG/2021/102
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 261C 2C02 1U2P 3Z6I 0XTZ	

3.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución núm. CUL/RES/1034/2021 de data do 02/06/2021 pola que se autoriza o uso especial por NEDGIA GALICIA, SA dos terreos de dominio público municipal afectados para desmantelamiento de planta de GLP, situada na Avda. de Vilaboa, parroquia de Rutis, deste termo municipal.
- Resolución núm. CUL/RES/1035/2021 de data do 02/06/2021 pola que se inicia o expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade esalubridade respecto da limpeza, roza e retirada de residuos de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 de febreiro do solo de Galicia, e na Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa forestal do Concello de Culleredo (BOP nº188, de 2 de outubro de 2014) respecto da parcela con referencia catastral 1140915NH5913N.
- Resolución núm. CUL/RES/1036/2021 de data do 02/06/2021 pola que se autoriza o uso especial por M. D. C. G. M. dos terreos de dominio público municipal afectados para a adaptación de local para almacén e garaxe privado mediante a execución dunha rampla para acceso ao local situado na Avda. Tierno Galván 14, da parroquia do Burgo, sen prexuízo da correspondente autorización da licenza de pasaxe necesaria para o acceso con vehículos a motor.
- Resolución núm. CUL/RES/1050/2021 de data do 03/06/2021 pola que se inicia o expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade esalubridade respecto da limpeza e roza de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 de febreiro do solo de Galicia, e na Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa forestal do Concello de Culleredo (BOP nº188, de 2 de outubro de 2014) respecto da parcela con referencia catastral 0057726NH4995N.
- Resolución núm. CUL/RES/1051/2021 de data do 03/06/2021 pola que se inicia o expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade e salubridade respecto da limpeza e roza de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 de febreiro do solo de Galicia, e na Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa forestal do Concello de Culleredo (BOP nº188, de 2 de outubro de 2014) respecto da parcela con referencia catastral 0057726NH4995N.
- Resolución núm. CUL/RES/1052/2021 de data do 03/06/2021 pola que se inicia o expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade esalubridade respecto da limpeza e roza de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 de febreiro do solo de Galicia, e na Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa forestal do Concello de Culleredo (BOP nº188, de 2 de outubro de 2014) respecto da parcela con referencia catastral 0057727NH4995N.
- Resolución núm. CUL/RES/1070/2021 de data do 04/06/2021 pola que se inicia o expediente de orde de execución para o restablecemento das condicións de seguridade esalubridade respecto da limpeza, roza e retirada de residuos de acordo co deber de conservación establecido nos artigos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 2 de febreiro do solo de Galicia, e na Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos, distancia das plantacións e xestión da biomasa forestal do Concello de Culleredo (BOP nº188, de 2 de outubro de 2014) respecto da parcela con referencia catastral 1140915NH5913N.
- Resolución núm. CUL/RES/1075/2021 de data do 07/06/2021 pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra "Acondicionamiento polideportiva descubierta Paseo Marítimo do Burgo", redactado por José Antonio Castrillón Manso, e que ten o C. V. 722W1W1W71334T2V0SNX."

C.I.F. P-1503100-H

3.2.2.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

Código do documento	Código do expediente
USG15I025T	USG/2021/102
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 261C 2C02 1U2P 3Z6I 0XTZ	

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 18 DE XUÑO

“Cullerchef na casa”, con Olga Rodríguez.
Desenvolverase nas redes sociais do Concello de Culleredo.”

3.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e actividades da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

“

***PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
21/05/2021	871	Conceder unha axuda económica.	***5082**	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2020 (54,40€). Pago de recibo de gas correspondente ao periodo do 14/10/2020 ao 14/12/2020 (15,42€). Pago do recibo de comunidade do ano 2021 por importe de 150€. Pago do recibo de contribución do ano 2020, por importe de 120,39€ , Pago do recibo dun tratamento dental en clínica Gingiden por importe de 80€. Pago de recibo de auga correspondente ao 1º, 2º e 3º trimestre de 2021. Pago de recibo de gas correspondente ao periodo do 14/12/2020 a outubro de 2021.	

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I025T	USG/2021/102
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 261C 2C02 1U2P 3Z6I 0XTZ	

C.I.F. P-1503100-H

21/05/2021	873	Conceder unha axuda económica.	***1699**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro de 2020 (400€) e xaneiro (400€) e febreiro de 2021 (329€).	
21/05/2021	874	Conceder unha axuda económica.	***5523**	Pago de aluguer e fianza, correspondente a 300€ de fianza e 300€ de marzo.	
21/05/2021	896	Conceder unha axuda económica.	***6977**	Pago de aluguer, por importe de 1129€, correspondente aos meses de xaneiro (44€) e de febreiro a agosto (155€/mes) de 2021.	
21/05/2021	897	Conceder unha axuda económica.	***0785**	para o pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro, febreiro e marzo (300€/mes) e 229,80€ o mes de abril de 2021.	1129,80€
21/05/2021	898	Conceder unha axuda económica.	***4724**	Pago de aluguer, correspondente aos meses dexaneiro (69€) e de febreiro a maio (265€/mes) de 2021.	1129€
21/05/2021	899	Conceder unha axuda económica.	***6242**	Pago de aluguer, correspondente a 350€ os meses de febreiro, marzo e abril e 79,80€ en maio de 2021.	1129,80€
21/05/2021	900	Conceder unha axuda económica.	****9305*	Pago do aluguer, correspondente aos meses novembro e decembro de 2020 (380€/mes) e 369,80€ do mes de xaneiro de 2021.	1129,80€
21/05/2021	901	Conceder unha axuda económica.	***0392**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de novembro e decembro de 2020 (275€), xaneiro e febreiro de 2021 (275€/mes) e parte de marzo (29€) de 2021.	1129€

Código do documento	Código do expediente
USG15I025T	USG/2021/102
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 261C 2C02 1U2P 3Z6I 0XTZ	

21/05/2021	902	Conceder unha axuda económica.	***9435**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de outubro a decembro de 2020 (200€/mes) e xaneiro e febreiro (200€/mes) e parte de marzo de 2021 (129€).	1129€
21/05/2021	903	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***4417**	Pago do recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2020 (162,28€) e 1º trimestre de 2021 (76,65€) e unha bombona de gas correspondente ao mes de maio de 2021 por importe de 13,96€.	

SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS:

PROGRAMA V DE SOLIDARIEDADE E DINAMIZACION SOCIAL

****Participación social:**

CAMPAÑA LIBERDADE DE SER E SENTIR:

O Concello de Culleredo vén de adherirse á Campaña *Liberdade de Ser e sentir* presentada polas Áreas de igualdade e de Cultura da Deputación da Coruña co gallo da conmemoración neste 28 mes de xuño do Día da Diversidade sexual, xunto con 85 concellos da provincia e 15 entidades sen ánimo de lucro. Esta campaña coordinada pola pedagoga da Área de Benestar Social, desenvolverase tendo en conta os seguintes obxectivos:

- Sensibilizar e normalizar á sociedade sobre as diversidades sexuais
- Xerar redes para darlle difusión á presenza dos colectivos LGTBQI+ en promoción da igualdade e da prevención da violencia de xénero
- Colaborar coas campañas de sensibilización xunto cos concellos da contorna a fin de multiplicar o efecto do fomento de respecto pola diversidade sexual
- Visibilizar a importancia da tolerancia e a igualdade das persoas, independentemente da súa orientación sexual e identidade de xénero.

O programa inclúe unha pluralidade de propostas inclusivas para todas as idades, que se poden utilizar todo o ano, dende ferramentas dixitais, un conto infantil que se difunde dende a rede até pímulas informativas para expandir a mensaxe igualitaria, conversas públicas con representantes das entidades que defenden os dereitos dos colectivos, así como a proxección do audiovisual *Noite irisada*, proxección que neste concello xa se levou a cabo na Universidade Laboral o pasado 27 de maio seguido con moito interese polo grupo de Formación Profesional asistente.

Todas estas propostas ofrécense dende diversos formatos dixitais e audiovisuais a través do enlace sentireser.gal a fin de poder compartir nas redes sociais e poder difundilo entre a poboación para acadar a máxima implicación

Código do documento	Código do expediente
USG15I025T	USG/2021/102
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
261C 2C02 1U2P 3Z6I 0XTZ	

posible na conciencia individual e colectiva polo respecto da liberdade sexual.

Así tamén está previsto a celebración dun Congreso no Pazo de Mariñán o día 18 e 19 de xuño baixo o título “A memoria diversa” que ten por obxectivo recuperar e reivindicar a memoria histórica do colectivo Lgbtiqa+ na Galiza e darlle visibilidade a aquelas persoas vítimas da represión por cuestións de orientación ou identidade de xénero. Xunto co congreso, o programa incluírá a publicación dun libro elaborado pola escritora Eva Mejuto cun total de 12 entrevistas a activistas do movemento

Ademais os concellos adheridos comprométense a desenvolver no seu territorio unha serie de accións entre outras, a difundir todos os contidos presentados, empregar cancelos #seresentir e #DeputaciondaCoruña nos perfís sociais, inserir o banner co deseño a campaña na web, iluminar a fachada da Casa consistorial coa bandeira do arco da vella e, en definitiva, trasladar á sociedade as accións de sensibilización e de creación de conciencia presentadas.

Dende a Deputación enviarase material gráfico e merchandising ademais dos deseños do mesmo para promocionar a campaña.”

3.3.- SENTENZA 323/2021 DO XULGADO DO SOCIAL NÚMERO 5 DA CORUÑA, AUTOS 572/2021.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 323/2021, do 7 de xuño de 2021, do Xulgado do Social número 5 da Coruña, Autos 572/2021, en cuxo fallo di:

“Que **debo ESTIMAR Y ESTIMO** la demanda que en materia de RECONOCIMIENTO DE DERECHO y CANTIDAD ha sido interpuesta por D^a. S.P.V. contra Concello de Culleredo y en consecuencia debo condenar y condeno a Concello de Culleredo a abonar a D^a. S.P.V. la cuantía de **754,71 €** en concepto de indemnización por los daños ocasionados por el retraso en el reconocimiento de su reintegro a jornada completa.

Notifíquese la presente resolución a las partes haciéndoles saber que contra la misma **no** cabe interponer **recurso** alguno (.../...)”.

C.I.F. P-1503100-H

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A alcaldesa en funcións

(Asinado dixitalmente nesta data pola Sra. concelleira delegada de Política Social e Promoción do Deporte que actuou como alcaldesa en funcións nesta sesión)

(Asinado dixitalmente)